

**PROXECTO: NEGREIRA, O QUE TEMOS E NON VEMOS**  
**IES XULIÁN MAGARIÑOS**  
**1º E 2º DE FP BÁSICA DE SERVIZOS COMERCIAIS**

**Introdución**

O alumnado de FP Básica presenta unhas características específicas que fan imprescindible vincular a súa aprendizaxe coa súa contorna real. Trátase de alumnado moitas veces desmotivado e con poucas perspectivas de manterse no sistema educativo, polo que consideramos necesario introducir elementos motivadores conectados co currículo académico. Se a isto engadimos un centro ubicado nunha vila pequena, nun entorno rural marcado polo envellecemento e a despoboación, faise tamén imperativo buscar unha vinculación desta rapazada co seu medio, unha vinculación que os leve a coñecelo, quere-lo e respectalo, dándolles así unha base afectiva para a súa fixación ao territorio.

É por iso que este curso o profesorado dos grupos de 1º e 2º de FP Básica de Servizos Comerciais do IES Xulián Magariños decidimos organizar un proxecto de aprendizaxe e servizo que servise para poñer en valor o patrimonio, moitas veces descoñecido, existente no concello, referíndoo de forma específica ao tramo do camiño de Santiago a Fisterra que atravesa polo mesmo.

O alumnado escolleu para este proxecto o nome de *Negreira, o que temos e non vemos*, e realizou diversas actividades para primeiro coñecer e despois axudar a divulgar este patrimonio. Así xurdiu, dentro do gran proxecto inicial, este outro proxecto que imos describir, e que consideramos que polas súas características encaixa perfectamente no espírito da convocatoria "Somos rural": **Un roteiro polas casas da nosa vila.**

**Obxectivos e competencias**

Os obxectivos deste proxecto combinan, como debe facer calquera proxecto de aprendizaxe e servizo, os puramente curriculares cos máis específicos referidos á posta en servizo dos contidos aprendidos. Pero, de forma global, poderíamos presentar dous grandes obxectivos:

- Contribuír ao coñecemento e visualización do patrimonio arquitectónico do concello de Negreira
- Aprender facendo, adquirir competencias dunha forma práctica, relacionando o aprendido nas clases coa realidade da nosa contorna.

Se nos centramos nas competencias desenvolvidas podemos destacar:

- Competencia en comunicación lingüística: consultáronse fontes escritas e orais; desenvolveuse a competencia comunicativa ao realizar interaccións orais con diversas persoas; presentouse a información de forma oral e escrita...
- Competencia dixital: elaborouse unha páxina web, deseñouse un cartaz, creouse un vídeo.

- Competencia emprendedora: entre todo o alumnado creouse un roteiro coa fin de ofrecerlle ao concello visitas guiadas para os peregrinos que pasen pola vila de Negreira.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender: traballouse en equipo colaborando entre as dúas clases de Servizos Comerciais.
- Competencia en conciencia e expresións culturais: analizouse e púxose en valor unha parte importante do patrimonio arquitectónico da vila.
- Competencia cidadá: reflexionouse sobre a propia identidade e como os feitos históricos e culturais contribúen a determinala.

### **Desenvolvemento**

A primeira fase do noso proxecto consiste en coñecer aqueles edificios singulares que poden ter interese desde o punto de vista histórico, artístico ou mesmo emocional. Para iso, consultamos con diversas persoas que podían aportarnos información sobre este tema.

- Como primeira aproximación, saímos á rúa a preguntar *in situ*, nas propias casas, aos veciños e veciñas actuais, moitos dos cales nos aportaron datos ben curiosos e interesantes para comezar a traballar, e mesmo nos indicaron outras persoas que podían axudarnos na nosa investigación.
- Falamos co historiador local Amancio Liñares Giraut, que veu á nosa clase e nos explicou a historia e moitas anécdotas relacionadas con algúns destes edificios da vila: a casa do concello, a casa de cultura, as casas habaneiras, o pazo do Cotón, a capela de San Mauro, etc.
- Acudimos a visitar aos maiores do Centro de día e Residencia de Seilán, no concello veciño da Baña. Alí, ademáis de compartir con eles unha tarde ben agradable, atopamos algúns informadores e informadoras realmente magníficos, pois lembraban gran número de historias que nos resultaron utilísimas para o noso proxecto.

En segundo lugar, consultamos tamén fontes escritas, tanto na rede como en diversos libros. Debemos sinalar que a maior parte da información atopada neste tipo de fontes refírese aos monumentos máis coñecidos, como o pazo ou a casa do concello, pero que a penas atopamos referencias a outros edificios de menor renome pero igualmente interesantes da vila.

Feita a recollida de información, a nosa idea era elaborala de forma que poidese resultar útil para calquera persoa, ben de Negreira ben de fóra, e pensamos de forma especial nos peregrinos que pasan con frecuencia pola nosa vila. Decidimos que unha boa forma de facerlles chegar esta información podería ser elaborando unha páxina web na que se recollese a modo de roteiro turístico a información sobre cada unha destas casas, e fixémosla na clase de segundo.

Estamos pendentes tamén de ofrecerlle este traballo ao concello de Negreira, por si poideramos facer roteiros guiados para peregrinos que estiveran interesados nesta actividade.

Unha tarefa que nos resultou bastante complicada foi facer o vídeo para o proxecto. Tiñamos demasiada información para resumila en só tres minutos! Así que tivemos que recortar moito e presentar so unha mínima parte de todo canto recolleramos. Pero cremos que a idea queda bastante clara: a diario camiñamos sen mirar ao noso redor, sen ver un montón de elementos arquitectónicos únicos que, por cotiás, non valoramos o suficiente.

## **Resultados**

O resultado principal do proxecto foi a elaboración dun roteiro de 19 casas, todas elas localizadas na vila de Negreira, e que resultan interesantes por diversos factores. Facemos unha lista destes edificios:

1. Casal de Fabeiro
2. Pazo do Cotón
3. Capela de San Mauro
4. Casa natal de Xulián Magariños
5. Casas de Caamaño
6. Casa de Isolino
7. Casa de Xulián Magariños
8. Farmacia Ortopedia Pablo Escurís
9. Casa de Vidal
10. Casa de Bouzas
11. Casa da Cultura
12. Farmacia Fabeiro
13. Casa Caamaño-Pose
14. Casa do Banco Fillos de Plácido-Fabeiro
15. Casa do Concello
16. Casa das Habilitadas
17. Casa Caribeña
18. Casa Confección Capeáns
19. Casa da Revisora

Algunhas destas casas resultan interesantes polo seu valor arquitectónico ou artístico, como poden ser o pazo de Cotón, de orixe medieval pero factura fundamentalmente barroca; as casas de arquitectura habaneira feitas polos emigrantes en Cuba ao seu retorno, como símbolo do seu poderío económico; a curiosa farmacia neogótica; a casa do concello, antigo cárcere do partido xudicial e aínda hoxe disputada por outros catro concellos... Outras casas son interesantes non só polo valor do edificio, senón polas anécdotas relacionadas cos seus habitantes, como o truculento asasinato do médico Vidal na casa modernista que leva o seu nome; ou as casas onde naceu e residiu o escritor local Xulián Magariños, que dá nome ao noso instituto. E outras o son simplemente polas vinculacións afectivas cos habitantes da vila, como a casa da Revisora, escola na que estudaron varias xeracións de nicarienses.

Ao longo deste proxecto descubrimos, entre outras cousas, como dúas familias, os Caamaño e os Fabeiro, conservadores uns e liberais os outros, se repartían a maior parte dos edificios de Negreira, ata que o matrimonio dunha Caamaño cun Fabeiro convertíunos tamén

en propietarios do edificio máis emblemático da vila, o pazo de Cotón, actualmente á venda e en perigo de ruína por non poder mantelo os seus propietarios.

A idea final é que este roteiro, xa debidamente cartografiado e subido a unha páxina web, poida ser explicado a modo de visita guiada aos peregrinos que a partir da primavera atravesan a vila camiño de Fisterra. Moitas destas persoas pasan a noite nos albergues da nosa vila, e non existen actividades tendentes a divulgar o patrimonio co que aquí contamos. Cremos que o noso roteiro polas casas da vila pode ser unha moi boa opción para pasar unha hora entretida, coñecendo un pouco da nosa historia, esa que temos, pero non vemos.